

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0116	Principios de mantemento electromecánico	2023/2024	3	105	105

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ALMA MARINA RODRÍGUEZ GARCÍA (Subst.)
Outro profesorado	ALMA MARINA RODRÍGUEZ GARCÍA

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Segundo o disposto no Decreto 72/2010, de 8 de abril, o currículo das ensinanzas de formación profesional defínese por unha competencia xeral e un conxunto de competencias profesionais, obxectivos, contidos, orientacións pedagóxicas, criterios de avaliación e directrices que regulan a práctica docente, servindo de instrumento para acadar os fins destas ensinanzas.

### 2.1. Perfil e contorna profesional do título.

O título de Técnico en Confección e Moda, segundo o disposto no RD 955/2008 que o establece xunto coas súas ensinanzas mínimas, e do Decreto 72/2010, que fixa o seu currículo no ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Galicia, identifícase polos seguintes elementos:

- Denominación: Confección e Moda.
- Nivel: Formación Profesional de Grao Medio
- Duración: 2.000 horas
  - Familia profesional: Têxtil, Confección e Pel
- Referente europeo: CINE-3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

O perfil profesional do título queda determinado por:

- A súa competencia xeral que consiste en confeccionar a medida e industrialmente pezas, complementos e outros artigos têxteis e de pel, conforme especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental (art. 3 e 4 do RD).

A formación neste módulo contribúe a desenvolver as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais (de entre as que se regulan no artigo 5 do RD 955/2008 para este título):

- b) Preparar as máquinas, os equipamentos e os materiais que interveñen na confección, consonte as características do produto que haxa que obter.
- h) Realizar o mantemento de primeiro nivel en máquinas e equipos de confección, de acordo coa ficha de mantemento.
- j) Resolver as incidencias relativas a súa actividade, identificando as causas que as provocan e tomando as decisións de forma responsable.
- k) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a diferentes situacións laborais orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos.
- l) aplicar procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido nos procesos de confección.

2.2. Obxectivos xerais do ciclo (art. 9 do currículo). A formación impartida no módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos:

- b) Seleccionar útiles, ferramentas e accesorios, analizando o proceso de confección e as indicacións da ficha técnica para preparar as máquinas, equipos e materiais.
- j) identificar as necesidades de mantemento de máquinas e equipos, xustificando a súa importancia para asegurar a súa funcionalidade.
- l) Recoñecer e valorar continxencias, determinando as causas que as provocan e describindo as accións correctoras para resolver as incidencias asociadas a súa actividade profesional.
- m) Identificar os cambios tecnolóxicos, organizativos, económicos e laborais na súa actividade, analizando sus implicacións no ámbito do traballo, para adaptarse a diferentes postos e novas situacións laborais.
- n) Describir as normas de calidade e as medidas de protección ambiental e de prevención de riscos laborais, identificando a normativa aplicable os procedementos de traballo, para garantir a calidade e o cumprimento das normas e medidas de protección ambiental.



2.3. A contorna profesional do titulado en Confección e Moda desenvólvese no sector da industria téxtil e confección, onde exerce as súas actividades profesionais tanto en industrias de confección e moda dedicados á produción en serie de pezas ou artigos confeccionados en téxtil, pel ou similares, como en pequenos establecementos onde se realiza vestiario á medida.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na toma de medidas e no desenvolvemento de modelos de confección que poden levarse a cabo en postos como:

- Confeccionista
- Axudante de xastraría e modistaría.
- Especialista en confección.
- Oficial de confección.
- Cortador/ora de pezas e artigos téxtiles.
- Operador/ora de máquinas industriais de coser e bordar.
- Cosedor/ora ensamblador/ora.
- Marcador/ora cortador/ora de pezas e artigos en téxtil e pel.
- Pasador/ora acabador/ora.
- Operador/ora de máquinas de remate.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	OS ELEMENTOS MECÁNICOS	Estudo dos diferentes elementos mecánicos de máquinas, equipamentos e instalacións para describir a súa función e a súa influencia no conxunto	25	20
2	A PNEUMÁTICA	Estudo dos elementos que interveñen nas instalacións pneumáticas e analiza a súa función e a súa influencia no conxunto da instalación	15	15
3	A HIDRÁULICA	Estudo dos diferentes elementos hidráulicos e instalacións	10	10
4	A ELECTRICIDADE	Estudo dos elementos eléctricos e a súa misión no conxunto da instalación.	12	15
5	MÁQUINAS INDUSTRIAIS	Estudo dos diferentes equipamentos das máquinas eléctricas e a súa función.	18	20
6	O MANTENEMENTO DE PRIMEIRO NIVEL	Aplicación do mantemento do primeiro nivel tendo en conta a relación dos procedementos utilizados cos equipamentos e instalacións implicadas	25	20

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	OS ELEMENTOS MECÁNICOS	25

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os elementos mecánicos de equipamentos, máquinas e instalacións, e describe a súa función e a súa influencia no conxunto.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os mecanismos principais dos grupos mecánicos dos equipamentos e das instalacións.
CA1.2 Descríbese a función e as características técnicas básicas dos elementos mecánicos.
CA1.3 Descríbense os elementos mecánicos transmisores e transformadores do movemento, e recoñécese a súa presenza nos equipamentos de proceso.
CA1.4 Clasifícanse os elementos mecánicos en función da transformación que realizan.
CA1.5 Descríbense as relacións funcionais dos elementos e das pezas dos grupos.
CA1.6 Identifícanse as propiedades e as características dos materiais empregados nos mecanismos.
CA1.7 Identifícanse as partes ou os puntos críticos dos elementos e das pezas onde poidan aparecer desgastes, e razónanse as súas causas.
CA1.8 Analízanse as medidas de prevención e seguridade para ter en conta no funcionamento dos elementos mecánicos.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Materiais: comportamento e propiedades dos principais materiais dos equipamentos e das instalacións.
Nomenclatura e siglas de comercialización.
Cinemática e dinámica das máquinas.
Elementos mecánicos transmisores do movemento: descrición, funcionamento, simboloxía e mantemento de primeiro nivel.
Elementos mecánicos transformadores do movemento: descrición, funcionamento e simboloxía.
Elementos mecánicos de unión: descrición, funcionamento e mantemento de primeiro nivel.
Elementos mecánicos auxiliares: descrición, funcionamento e mantemento de primeiro nivel.
Normas de prevención e seguridade no manexo de elementos mecánicos.
Valoración do desgaste dos elementos mecánicos: lubricación e mantemento preventivo.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A PNEUMÁTICA	15

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece os elementos que interveñen nas instalacións pneumáticas, e analiza a súa función e a súa influencia no conxunto da instalación.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os usos da pneumática como técnica de aplicación do aire comprimido.
CA2.2 Defínense as propiedades do aire comprimido.
CA2.3 Identifícanse os circuitos de produción e tratamento do aire comprimido, e descríbense as misións dos seus elementos principais.
CA2.4 Identifícanse as redes de distribución do aire comprimido e os seus elementos de protección.
CA2.5 Identifícanse os elementos pneumáticos de regulación e control, e recoñeceuse a súa presenza nas instalacións.
CA2.6 Descríbense os elementos pneumáticos de accionamento ou de traballo, e identifícase a súa presenza en equipamentos de proceso.
CA2.7 Descríbiuse o funcionamento de esquemas de circuitos pneumáticos simples manuais, semiautomáticos e automáticos.
CA2.8 Enumeráronse as anomalías máis frecuentes das instalacións pneumáticas e as súas medidas correctoras.
CA2.9 Valorouse a utilidade do aire comprimido na automatización dos procesos do sector.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Circuitos de produción e tratamento do aire comprimido: descrición, elementos, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
Redes de distribución do aire comprimido: características e materiais construtivos, mantemento e medidas de seguridade.
Elementos pneumáticos de regulación e control: descrición, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
Elementos pneumáticos de accionamento ou actuadores: descrición, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
Lectura dos esquemas de circuitos pneumáticos manuais, semiautomáticos e automáticos.
Uso eficiente do aire comprimido nos procesos do sector.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A HIDRAULICA	10

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece os elementos das instalacións hidráulicas e describe a súa función.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os sistemas hidráulicos como medios de produción e transmisión de enerxía.
CA3.2 Enumeráronse os principios físicos fundamentais da hidráulica.
CA3.3 Enumeráronse os fluídos hidráulicos e as súas propiedades.
CA3.4 Relacionáronse os elementos hidráulicos coa súa simboloxía.
CA3.5 Identificouse a unidade hidráulica e os seus elementos funcionais e de protección.
CA3.6 Relacionáronse os elementos hidráulicos de traballo co tipo de mantemento que cumpra realizar.
CA3.7 Describiuse o funcionamento de esquemas de circuitos hidráulicos simples.
CA3.8 Valoráronse as vantaxes e os inconvenientes do emprego de instalacións hidráulicas na automatización de proceso do sector.
CA3.9 Citáronse as anomalías máis frecuentes das instalacións hidráulicas e as súas medidas correctoras.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Unidade hidráulica: fundamentos, elementos, funcionamento, mantemento de primeiro nivel e medidas de seguridade.
Elementos hidráulicos de distribución e regulación: descrición, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
Elementos hidráulicos de traballo: descrición, funcionamento, simboloxía e mantemento.
Lectura de esquemas de circuitos hidráulicos.
Impacto ambiental das instalacións hidráulicas.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A ELECTRICIDADE	12

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Identifica os elementos das instalacións eléctricas e describe a súa misión no conxunto da instalación.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbese a estrutura básica das instalacións eléctricas de interior.
CA4.2 Recoñécéronse os elementos de protección, manobra e conexión dos circuitos eléctricos.
CA4.3 Relacionouse o funcionamento de instalacións eléctricas aplicadas aos equipamentos industriais co seu esquema unifilar.
CA4.4 Relacionáronse os elementos de protección e manobra co correcto funcionamento e a protección das instalacións eléctricas aplicadas aos equipamentos do sector.
CA4.5 Calculáronse magnitudes eléctricas (tensión, intensidade, potencia e caída de tensión, etc.) en instalacións básicas aplicadas do sector.
CA4.6 Verificouse a aplicación das instrucións técnicas do REBT nas instalacións eléctricas aplicadas do sector.
CA4.7 Recoñécéronse os elementos eléctricos de control e manobra, así como a súa función.
CA4.8 Relacionáronse as características eléctricas dos dispositivos de protección coas liñas e os receptores eléctricos que deban protexer.
CA4.9 Descríbense as condicións de seguridade e prevención que cumpra aplicar na manipulación dos compoñentes eléctricos e electrónicos.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Sistema eléctrico. Corrente trifásica e monofásica.
Magnitudes eléctricas fundamentais: definición e unidades.
Relacións fundamentais. Cálculo de magnitudes básicas das instalacións.
Elementos de control e manobra de circuitos eléctricos: descrición, simboloxía e funcionamento.
Elementos de protección de circuitos eléctricos: descrición, simboloxía e funcionamento.
Normativa sobre instalacións eléctricas (REBT) e de prevención de riscos laborais.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	MAQUINAS INDUSTRIAIS	18

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Identifica as máquinas eléctricas e os elementos construtivos que interveñen no acoplamento dos equipamentos industriais do sector, e describe o seu funcionamento e as súas aplicacións	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícaronse as máquinas eléctricas utilizadas nos equipamentos e nas instalacións do sector.
CA5.2 Clasifícaronse as máquinas eléctricas pola súa tipoloxía e a súa función.
CA5.3 Describiuse o funcionamento e as características das máquinas eléctricas, así como a súa aplicación no sector.
CA5.4 Relacionouse a información da placa de características coas magnitudes eléctricas e mecánicas da instalación.
CA5.5 Representouse mediante a súa simboloxía o esquema de conexión (arranque e inversión de xiro) das máquinas eléctricas e as súas proteccións.
CA5.6 Relacionouse o consumo das máquinas co seu réxime de funcionamento de baleiro e carga, e as súas proteccións eléctricas.
CA5.7 Verificouse a aplicación das instrucións técnicas do REBT nas instalacións de alimentación das máquinas eléctricas.
CA5.8 Identifícaronse os sistemas de acoplamento das máquinas eléctricas nos equipamentos industriais do sector.
CA5.9 Relacionáronse os sistemas de suxeición das máquinas eléctricas ao equipamento (tipo de movemento, potencia de transmisión, ruído, vibracións, etc.).
CA5.10 Describíronse as condicións de seguridade e prevención que se deben aplicar na manipulación dos circuitos e das máquinas eléctricas en funcionamento.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Máquinas eléctricas estáticas e rotativas: tipoloxía e características.
Clasificación das máquinas eléctricas: xeradores, transformadores e motores.
Partes construtivas. Funcionamento.
Placa de características. Calculo de magnitudes das instalación de alimentación e arranque das máquinas.
Acoplamentos e suxeicións das máquinas aos seus equipamentos industriais.
Normativa sobre instalacións eléctricas (REBT) e de prevención de riscos laborais.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	O MANTENEMENTO DE PRIMEIRO NIVEL	25

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica o mantemento de primeiro nivel tendo en conta a relación dos procedementos utilizados cos equipamentos e coas instalacións implicadas.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Descríbense os procedementos de cada operación de mantemento de primeiro nivel (básico) que haxa que realizar sobre os equipamentos.
CA6.2 Identifícanse os elementos sobre os que cumpra realizar as operacións de mantemento preventivo ou correctivo de primeiro nivel.
CA6.3 Indicáronse as avarías máis frecuentes nos equipamentos e nas instalacións.
CA6.4 Identifícanse os equipamentos e as ferramentas necesarias para realizar os labores de mantemento de primeiro nivel.
CA6.5 Determináronse as condicións requiridas da área de traballo para intervencións de mantemento.
CA6.6 Puxéronse en marcha motores eléctricos, ou inverteuse o sentido de xiro, e medíronse as magnitudes fundamentais durante o proceso.
CA6.7 Aplicáronse técnicas de mantemento ou substitución de elementos básicos nos equipamentos e nas instalacións.
CA6.8 Rexistráronse no soporte acaído as operacións de mantemento realizadas.
CA6.9 Descríbense as operacións de limpeza, engraxamento e comprobación do estado da instalación e dos equipamentos no mantemento de primeiro nivel.
CA6.10 Analizouse a normativa sobre prevención e seguridade relativa ao mantemento de equipamentos e instalacións.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Operacións de mantemento preventivo: limpeza de filtros, cambio de discos cegos, aperto de pechamentos, acondicionamento de balsas, limpeza de acendedores, engraxamentos, purgas e revisións regulamentarias.
Operacións de mantemento correctivo (substitución de elementos).
Normativa sobre instalacións eléctricas (REBT) e de prevención de riscos laborais.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### 1. MÍNIMOS ESIXIBLES:

Tras analizar a realidade da contorna do centro e as posibles saídas laborais do alumnado, considero unha serie de criterios de avaliación como claves na consecución da competencia establecida no currículo. A superación dos mesmos é polo tanto imprescindible para a avaliación positiva do módulo. Estes criterios de avaliación están sinalados cun SI no apartado mínimo esixible, para cada unidade didáctica, no apartado 4.d., e que se resumen a continuación:

Identificar, clasificar e describir os principais mecanismos e elementos mecánicos transmisores e transformadores, así como as relacións entre eles. Describir o funcionamento da maquinaria hidráulica, pneumática e eléctrica, e realizar o mantemento de primeiro nivel identificando os puntos críticos onde se produzan os erros e avarías. Coñecer e aplicar as medidas de prevención e seguridade.

### 2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación reallízarase ó longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, polo que ten un carácter continuo.

#### 2.1 CUALIFICACIÓN

A nota de cada unha das avaliacións parciais virá dada pola suma das puntuacións ponderadas acadadas en cada unha das actividades calificables. A puntuación será de 1 a 10, sendo aprobado a partir dos 5 puntos. Para que sexa positiva, terán que ser superados tódolos CA asignados como mínimos esixibles. No caso contrario, non se superará a avaliación, obtendo como máximo un 4, e deberán recuperarse.

Aplicarase o redondeo matemático a partir dunha nota de 5 para determinar a nota final de cada avaliación trimestral.

#### 2.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos que serán empregados e o seu peso sobre a cualificación da avaliación son os seguintes:

1. Probas escritas: 60%
2. Listas de cotexo e táboas de observación: 40%

#### 2.3. TAREFAS

As entregas dos produtos deberán ser feitas na data e forma sinaladas para este fin, agás motivo debidamente xustificado; a puntualidade na entrega será parte da avaliación da tarefa. As tarefas que esixan o uso de ferramenta e equipamento de taller, serán realizadas exclusivamente neste; o resto de traballos poderá rematarse na casa.

#### 2.4. CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL

A avaliación final será a media da nota acadada en cada unha das avaliacións, sendo a mesma calificación na terceira avaliación que na final no caso dos alumnos que superen o módulo.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### RECUPERACIÓN TRIMESTRAL DA PROBA ESCRITA:

Para o alumnado que suspenda a proba escrita algún dos trimestres poderá recuperala ó inicio do trimestre seguinte, na data fixada polo docente para tal fin. Solo se poderán recuperar deste xeito as probas escritas, no caso das tarefas avaliadas a través de listas de cotexo ou táboas de observación, a recuperación será no período da avaliación final.

O peso na calificación da recuperación será o mesmo que tiña a proba escrita ordinaria. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos.

#### RECUPERACIÓN NA AVALIACIÓN FINAL:

Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.

Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos.

Estas actividades serán avaliadas polo profesor e terán superar alomenos a metade da nota de cada unha das tarefas pendentes para ser superadas.

Os instrumentos de avaliación serán:

Proba escrita: 60%

Táboas de observación e listas de cotexo: 40%

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo correspondente.

A proba de avaliación extraordinaria estará composta dun conxunto de actividades teóricas e/ou prácticas nas que se verán representados todos os Criterios de Avaliación do módulo. Para acadar o aprobado o alumno terá que superar como mínimo 5 puntos sobre 10.

Os instrumentos de avaliación serán:

Proba escrita: 60%

Táboas de observación e listas de cotexo: 40%

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Realizarase o seguimento da programación mensualmente na páxina habilitada para tal fin

A avaliación da práctica docente realizarase según procedemento do SXC do CIFP MANUEL ANTONIO a través de cuestionarios que se pasarán aos alumnos ao longo do curso, nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, á forma de traballo na aula e no taller, ás técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

- Tal e como se establece na lexislación vixente, ORDE do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades".

- Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

- Para este módulo pasarase durante a primeira quincena de Setembro, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivación do alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula. Con este cuestionario preténdese coñecer ben ao alumnado e poder así clasificar e adaptar a programación ao nivel dos mesmos.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Se calquera dos alumnos ou alumnas que están a cursar un módulo, non responde globalmente aos obxectivos programados, proporanse para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

1. Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
  2. Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, máis sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
  3. Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
  4. Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe, exixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realiza para mellorar o seu rendemento. Todo de cara a realizar as oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de todo o alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das súas capacidades.
  5. Para levar a cabo calquera tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración co titor e coa orientadora) deberanse revisar algúns elementos básicos da programación: as capacidades terminais e os contidos mínimos e o desenvolvemento dos máis importantes en cada caso. Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios. Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos. Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
  6. A metodoloxía: técnicas de traballo cooperativo, actividades en pequeno grupo con dificultade gradual, actividades de reforzo, poden ser alternativas, reforzo positivo, valorar as capacidades do/a alumno/a para tratar de mellorar a súa autoestima.
- En canto ó alumnado que presente altas capacidades programaranse actividades de ampliación seguindo sempre as pautas marcadas no currículo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Os aspectos transversais relacionados co módulo son os seguintes:

- Novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.

- Prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo, son conceptos que veñen recollidos nos propios criterios de avaliación do módulo.

Por tanto non só están incluídos como aspectos transversais senón que son avaliábeis.

- Educación medioambiental. As materias primas que utilizamos, inciden directamente na calidade do medio ambiente. O uso de materias téxtiles naturais o reciclaxe e a sustentabilidade estarán presentes intrínsecamente pero tamén en forma de actividades específicas

Ademáis, no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos, o traballo cooperativo, a educación cívica, a igualdade sexual e de xénero e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, docentes, talleres, e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á FORMACIÓN (ACF):

- Conferencias e charlas especializadas.
- Cursos monográficos.
- Outras actividades dentro ou fóra do centro como resultado da colaboración deste con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico.
- Actividades que xurdan fóra do centro durante o curso e que o Departamento Téxtil considere oportunas.
- Visitas a distintas empresas do sector téxtil, feiras e exposicións, que poidan aportar cousas interesantes ao alumnado na súa futura vida profesional.

## **10. Outros apartados**

### **10.1) Programación**

Para facilitar ao alumnado dende comezo de curso a información pertinente sobre a programación oficial do módulo, esta explicárase na aula e colgarase na páxina do Centro. Ademáis de a través da aula virtual.